

# PROGRAMA DE XEOGRAFÍA

## I. INTRODUCCIÓN

### Tema 1. Introducción á xeografía de España

A singularidade xeográfica de España: carácter peninsular e insular; territorio de encrucillada; configuración; contrastes internos.

Concepto de rexión xeográfica e diferentes criterios de rexionalización. O proceso de construción do Estado español e o debate territorial. Organización político-administrativa actual. Outras entidades territoriais: comarcas e parroquias en Galicia.

## II. O MEDIO NATURAL EN ESPAÑA

### Tema 2. O relevo de España

Os trazos xerais do relevo.

Diversidade litolóxica do relevo de España.

A formación do relevo: eras xeolóxicas e oroxenias.

Os grandes conxuntos morfoestructurais: a Meseta (unidades interiores e bordos), unidades exteriores á Meseta, o litoral peninsular e balear e o relevo volcánico do arquipélago das Canarias.

### Tema 2. O clima de España

Factores e elementos do clima.

Os tipos de tempo en España.

As variedades climáticas de España: os climas de influencia atlántica, os climas de influencia mediterránea, os climas de interior, os climas de montaña e os climas de influencia subtropical.

Os riscos naturais relacionados co clima e o tempo atmosférico.

### Tema 3. As augas e a súa relación co relevo e o clima en España

As augas dos océanos e mares do litoral español.

As principais cuncas hidrográficas e os réximes fluviais.

Os lagos e os humidais.

As augas subterráneas.

A importancia da auga como recurso: aproveitamento, xestión e problemas ambientais.

### Tema 4. Os solos e a vexetación

Os grandes grupos de solos; diversidade e tipoloxía dos solos en España.

Factores condicionantes da vexetación.

A distribución da vexetación en España.

As rexións bioxeográficas: alpina, atlántica, mediterránea e macaronésica.

O estado de conservación e os problemas ambientais das paisaxes vexetais.

### Tema 5. A política ambiental

Riscos e problemas ambientais e a súa relación coa actividade humana.

A política ambiental en Galicia e en España no contexto da UE.

### **III. O TERRITORIO E AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

#### **Tema 6. As fontes de enerxía en España**

As fontes tradicionais de enerxía: o carbón e a enerxía hidráulica.

Os hidrocarburos (petróleo e gas natural): dependencia exterior.

A enerxía de orixe nuclear.

As enerxías alternativas (solar, eólica).

#### **Tema 7. Os recursos mariños en España**

A pesca e a súa evolución en España.

As rexións pesqueiras e os caladoiros.

Os recursos materiais e humanos: flota, artes de pesca, poboación ocupada.

A acuicultura.

A crise pesqueira.

A política pesqueira da UE e a súa repercusión en Galicia e en España.

#### **Tema 8. Os espazos agrarios en España**

Factores físicos e humanos do aproveitamento agrario en España.

Os réximes de explotación (propiedade, tenencia).

A produción agrícola, gandeira e forestal.

As paisaxes agrarias españolas.

Dinámicas recentes e procesos de transformación no contexto da política da UE.

#### **Tema 9. Os espazos industriais en España**

Caracterización da actividade e do espazo industrial.

Factores da actividade industrial (materias primas, fontes de enerxía, capital, innovación e man de obra).

Proceso de industrialización en España: etapas, territorios e subsectores.

As paisaxes industriais: o novo mapa industrial español.

Globalización, políticas de emprego e tendencias actuais na industria galega e española.

#### **Tema 10. Os espazos de servizos en España**

O recente proceso de terciarización da economía e da sociedade españolas.

Os transportes e as comunicacións na articulación territorial e económica.

Infraestruturas e medios de transporte: a rede de estradas e a ferroviaria (dotacións, desigualdades, principais corredores e as novas infraestruturas); a rede portuaria e o transporte marítimo; a rede aeroportuaria e o transporte aéreo. As telecomunicacións. A conexión de Galicia co exterior.

O comercio interior: desenvolvemento, tipos e transformacións recentes. O comercio exterior: exportacións, importacións e balanza de pagamentos.

O turismo: o proceso de desenvolvemento do turismo; os factores de localización; a tipoloxía dos modelos turísticos; as principais áreas turísticas españolas; repercusión socioeconómica; impacto territorial.

### **IV. POBOACIÓN E URBANIZACIÓN**

#### **Tema 11. A poboación**

Fontes para o estudo da poboación.

Evolución e distribución da poboación española (densidades); os desequilibrios espaciais. As políticas demográficas.

Os factores da dinámica natural: natalidade, mortalidade, crecemento vexetativo, fecundidade e nupcialidade; a súa evolución e índices de medida.

Os movementos espaciais da poboación: migracións interiores e exteriores; factores, evolución, consecuencias e políticas de inmigración. Índices de medida.

Estrutura sociodemográfica da poboación: idade, sexo, estado civil, instrución e actividade; evolución e índices de medida. A posición das mulleres respecto ao mercado laboral e á súa plena integración social.

## **Tema 12. O poboamento**

Diferenzas conceptuais entre poboamento rural e urbano.

Tipos de hábitat rural.

A especificidade galega: o papel das vilas.

Permanencia e cambio no mundo rural.

O proceso de urbanización: factores e consecuencias territoriais.

As cidades españolas: legado histórico e dinámica actual; estrutura, morfoloxía e funcións urbanas.

As novas realidades e os procesos da expansión urbana: metropolización e cidade difusa.

Problemas, xestión e plan urbanos.

O sistema urbano español: rede urbana, xerarquía e eixes de desenvolvemento urbanístico.

## **V. ESPAÑA NO MUNDO**

### **Tema 13. España en Europa e no mundo.**

Contrastes físicos e socioeconómicos en Europa. España na UE: procesos anteriores e posteriores á súa integración. As políticas comúns da UE e o seu impacto en Galicia e en España. A situación periférica de Galicia: o Arco Atlántico.

Áreas xeoeconómicas e xeopolíticas mundiais. España nun mundo globalizado.

Galicia no contexto mundial: a Galicia exterior. A particular relación con América Latina.

## **OBXECTIVOS**

A materia refírese á Xeografía de España, porén, para a mellor comprensión e interpretación da realidade española, será necesario ter en conta outras escalas (mundial, continental, rexional). Destacarase de xeito particular o territorio de Galicia incidindo nos aspectos que son máis relevantes para a devandita Comunidade Autónoma.

O alumnado debe coñecer a linguaxe gráfica e cartográfica. Debe ter coñecementos estatísticos básicos (medias, medianas, modas) e saber interpretar os gráficos que dos datos estatísticos se deriven (pirámides,

diagramas climáticos, curvas de caudal etc.). Así mesmo debe ter os coñecementos abondos para ler mapas e planos.

## **ESTRUTURA DO EXAME**

A proba constará de *tres partes* que se concretarán nos seguintes tipos de preguntas:

Primeira. Definición breve de seis conceptos xeográficos básicos. Puntuación máxima de 3 puntos (0,5 por concepto definido correctamente). Valoraranse a precisión e a claridade conceptual. Para iso a resposta ha de cumprir as seguintes condicións:

- a) ser breve (máximo de 5 liñas),
- b) ser concreta (utilizando termos con significado xeográfico) e
- c) cumprir o criterio fundamental de toda definición (non repetir o concepto definido nesta).

Segunda. Lectura, interpretación, explicación e análise crítica dun documento gráfico (mapas, perfís topográficos, diagramas termopluviométricos, pirámides de poboación, planos urbanos, táboas de datos etc.). Puntuación máxima de 3 puntos.

Valoraranse:

- a) a precisión da localización dos feitos, fenómenos e accidentes xeográficos,
- b) o comentario dos acontecementos reflectidos no documento, aludindo aos aspectos relacionados,
- c) a comparación dos resultados comentados con aspectos ou feitos similares, noutros ámbitos espaciais, que axuden á comprensión e explicación do fenómeno e
- d) a correcta utilización da linguaxe xeográfica.

Terceira. Desenvolvemento dunha cuestión xeográfica fundamental referida aos contidos do temario. Puntuación máxima de 4 puntos.

Valoraranse:

- a) a precisión e claridade na exposición dos conceptos,
- b) a utilización da linguaxe xeográfica,
- c) a organización dos contidos,
- d) a profundidade explicativa do seu desenvolvemento e
- e) a capacidade de establecer relacións comparativas.

## BIBLIOGRAFÍA ORIENTADORA

MÉNDEZ, R. y MOLINERO, F. (coord.) (1993): *Geografía de España*, Barcelona, Ariel.

GIL OLCINA, A. y GÓMEZ MENDOZA, J. (coord.) (2001): *Geografía de España*, Barcelona, Ariel.

MÉNDEZ, R, GUTIÉRREZ PUEBLA, J, OLCINA, J. y PÉREZ-CHACÓN, E. (2009): *Geografía 2*, Madrid, SM Bachillerato.

Material didáctico de Xeografía de España para ESO y 2º de Bacherelato: *España a través de los mapas*. [www.age.es](http://www.age.es)